

XOGOS POPULARES GALEGOS - CEIP DE QUIROGA - 2020

Como ides amiguiños, agora que podemos saír a xogar podemos aprender xogos e deportes propios da cultura galega. Dun xeito sinxelo podemos xogar coas familias e recordar como xogaban eles cando non tiñan tanto material como temos agora.

Hai moitos xogos tradicionais galegos, algunhas propostas son:

ÁRBORE XENEALÓXICA DEPORTIVA

Propoñémosche que investigues sobre a historia deportiva da túa familia e deseñes a túa árbore xenealóxica en referencia ás actividades físicas e deportivas.

Unha "árbore xenealóxica" é unha representación visual dos membros dunha familia e a maneira en que estes se relacionan historicamente entre si, colocándoos en diferentes niveis de altura e ramificación, tal como se "colgasen" das ramas. Tendo en conta isto, propoñémosche a seguinte tarefa:

1. Debuxa a túa árbore xenealóxica nunha folla situándote a ti na parte central da folla. Inclúe o nome de cada persoa, e o deporte ou xogo que máis lle gustaba.
2. Debaixo do nome da persoa escribe o nome do seu xogo preferido.
3. Manda o debuxo ao meu correo: luciatrillo@edu.xunta.gal



O ZURRIAGAZO



Dous xogadores/as cun coxín cada un/ unha, colócanse enriba dunha altura e ao revés do outro.. (Unha táboa de madeira 160 centímetros de longo por 10 cm de ancho, aproximadamente.).

Ao sinal de inicio, ambos deberán "zurrarse" co coxín para conseguir que o contrincante perda o equilibrio e caia fóra da táboa. Só se pode dar da cintura para abaixo, pola tarde de atrás, evitando golpes que poidan facer dano.

BAILAR O TROMPO



Elixe unha área libre duns 9 m². Pinta un círculo duns 20 centímetros de diámetro ao centro da área. Enrola o trompo (peonza, rexo, peón ou buxaina) e busca que este vire dentro do círculo pintado.

Quen logre facer bailar a buxaina dentro do círculo, obtén 1 punto. Elíxese o gañador logo dunha rolda de 10 lanzamentos.

Outra opción é lanzar un trompo, mentres o resto tenta golpear a peonza e que sacala fóra do círculo. Tamén podes tratar de recollela coa palma da man.

XOGOS POPULARES GALEGOS - CEIP DE QUIROGA - 2020

Outro xogo popular galego son **OS BIRLOS** é moi sinxelo de facer. Precisamos nove tubos de papel hixiénico para facer os birlos. Cartón para confeccionar o birlo en forma de triángulo ("birolla") e o birlo en forma de cadrado ("cega").



Colocamos no chan os 9 birlos formando un cadrado. A 50 cm dos birlos colocamos a "birolla" e máis atrás colocamos a "cega".

Xogan dúas ou máis persoas, e o obxectivo do xogo é acadar o máximo número de puntos. Cada xogador/a conta con dous lanzamentos.

Comeza unha persoa lanzando unha bóla desde a liña de lanzamento. Cada birlo derribado puntúa 3 puntos. A "birolla" (con forma de triángulo) vale

10 puntos e a "cega" (cadrado) 20 puntos. Estas dúas só puntúan se anteriormente derribamos algún birlo. No caso de derribar directamente a "birolla", a "cega" ou as dúas, non sumariamos tanto ningún.

AS TABAS

Necesitamos cinco pedras pequenas, canto máis redondas mellor. Pero tal vez teñamos un xogo de tabas nalgún sitio ou uns ósos de cordeiro

Lanzamos unha saltarina ao aire e mentres voa, coa mesma man, recollemos unha das pedras que están no chan. E así sucesivamente ata ter recollidos todas. Repetimos o proceso, pero agora collemos as pedras de dúas en dúas. Agora, de tres en tres... mira este enlace se queres ver máis ideas

<https://youtu.be/T1hDADZi3w8>



A RA

Pintamos de verde unha garrafa de auga para que semelle unha verdadeira ra. Unha vez seca, facémoslle un furado que será a boca da ra, facemos os ollos e cun folio ou cartón debuxamos e pegamos os pés da ra. O obxectivo do xogo é tentar de meter o máximo número de pellos na boca da ra. Unha vez lanzados os sete pellos, sumamos os puntos que quedaron dentro da ra.

A distancia de lanzamento varía en función da idade dos xogadores/as, igual que a altura, pois podémola colocar encima dunha cadeira, banco, mesa...



O XOGO DO FIO

Precisamos un cordel de dous metros de lonxitude, atado nos extremos e dúas persoas para xogar. Comeza unha delas entrelazando o cordel nas súas mans. Mira nesta ligazón <https://www.youtube.com/watch?v=eeaqZ7flfa0>

A continuación a outra persoa debe agarrar o cordel por distintos sitios e realizar unha nova figura. Esta é a dinámica do xogo e os nomes das figuras son:

XOGOS POPULARES GALEGOS - CEIP DE QUIROGA - 2020

1ª: Casa.

2ª: Leito (no vídeo figura como "a cama do soldado").

3ª: Paus (no vídeo figura como "velas").

4ª: Berce (no vídeo figura como "pesebre").

5ª: Tesoiras (no vídeo figura como "diamantes").

6ª: Rede (no vídeo figura como "ollo de gato").

7ª: Diamante (no vídeo figura como "pescado no prato").

8ª: Cama (no vídeo figura como "pata de galo").



SOMBRA MÁXICAS

Colocados/as cara unha parede branca trataremos de facer siluetas utilizando as mans: o galo, a pomba, a aguia, o papagaio, o cisne, os patiaños, o gato, o can, o cachorro, o mastín, o galgo, o can famento, o burro, o cabalo, o touro, o porco, a cabra, o coello, dous coellos, o coello e o raposo, o lobo, o cervo e o elefante...

